

marzo, faise público que, trala modificación operada, o orzamento prorrogado vixente, resumido por capítulos, resulta como sigue:

ESTADO DE GASTOS

Cap. 1.—GASTOS DE PERSONAL	1.325.392,06
Cap. 2.—GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	1.110.582,88
Cap. 3.—GASTOS FINANCIEROS	15.000,00
Cap. 4.—TRANSFERENCIAS CORRENTES	165.802,00
Cap. 6.—INVERSIONS REALES	1.295.901,55
Cap. 9.—PASIVOS FINANCIEROS	56.386,13
TOTAL GASTOS.....	3.969.064,62 €

ESTADO DE INGRESOS

Cap 1.—IMPOSTOS DIRECTOS.....	559.700,00
Cap 2.—IMPOSTOS INDIRECTOS.....	80.000,00
Cap 3.—TAXAS E OUTROS INGRESOS.....	297.030,00
Cap 4.—TRANSFERENCIAS CORRENTES.....	1.496.330,00
Cap 5.—INGRESOS PATRIMONIAIS.....	17.275,00
Cap 7.—TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.....	1.318.540,38
Cap 8.—ACTIVOS FINANCIEROS.....	200.189,24
TOTAL INGRESOS.....	3.969.064,62 €

Mondariz, 30 de xuño de 2010.—O Alcalde, Julio Alén Montes. **2010007607**

* * *

NIGRÁN

A N U N C I O

Expte. nº: 2010/010S

Asunto: Ordenanza municipal reguladora de terrazas e doutras ocupacións de dominio público municipal

Trámite: Publicación

Normas de aplicación: Art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes.

Aprobación: Pleno do Concello, en sesión do 30 de xuño de 2010.

Aprobada definitivamente a Ordenanza, mediante o expresado acordo plenario, recollendo as alegacións mencionadas no anterior acordo, modificando o texto aprobado inicialmente polo pleno o 2532010.

Publicase como anexo o texto aprobado, coa indicación de que o o acordo pon fin á vía administrativa polo fronte ao mesmo cabe interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde esta publicación, sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso procedente.

ANEXO: ORDENANZA REGULADORA DAS TERRAZAS E DOUTRAS OCUPACIÓNS DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL

I.—EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, establece no seu artigo 84, de carácter básico segundo o expresado na Disposición Final 20 deste texto normativo, que ninguén pode, sen título que autorice outorgado pola autoridade competente, ocupar bens de dominio público ou utilízalos en forma que exceda o dereito de uso que, no seu caso, corresponde a todos. Prosegue o mesmo texto legal indicando que as concesións e autorizacións sobre bens de dominio público rexeranse en primeiro termo pola lexislación especial reguladora de aquelas e, a falta de normas especiais ou en caso de insuficiencia das mesmas, polas disposicións da Lei de Patrimonio estatal.

O artigo 75 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xullo, polo que se aprobou o regulamento de bens das entidades locais, establece a clásica distinción entre aproveitamento común xeral e especial e normal e anormal dos bens de dominio público, dispoñéndose nos sucesivos preceptos os modos en que pode levarse a cabo este aproveitamento.

Mediante a presente ordenanza vense a pechar o réxime normativo regulador de diferentes formas de ocupación do dominio público municipal.

II.—

Por acordo do Consello de Xunta de 22 de xullo de 2004 (DOGA do 24 de agosto de 2004) o Concello de Nigrán foi declarado municipio turístico galego, o cal aconsella que dende esta administración se preste unha especial atención aos establecementos de hostalaría e a todos aqueles que contribúan a satisfacer as necesidades turístico recreativas tanto da poboación estable do municipio como da poboación voante ou estacional.

Nesta intención, o Título Primeiro da presente ordenanza fai especial fincapé na regulación e ordenación das terrazas de hostalaría, diferenciando no seu Capítulo I as terrazas abertas das cerradas, que merecerán unha regulación específica.

O Capítulo II establece unha serie de medidas estéticas e de funcionamento na percura dunha maior calidade e homoxeneidade das terrazas, tentando reducir o seu impacto visual na paisaxe. O réxime establecido percura igualmente a conciliación do desfrute destes establecementos coa súa explotación racional por parte dos seus titulares, en función das necesidades de uso do dominio público e, moi especialmente, do absoluto respecto ao descanso dos veciños.

O Capítulo III regula a tramitación administrativa que debe seguirse en orde á obtención do título

lo necesario para a colocación das terrazas. En aras a simplificación administrativa, a ubicación de terrazas abertas ou cerradas sobre o dominio público municipal sométese a un trámite de autorización demanial (Sección I), mentres que, pola súa parte, a colocación de terrazas abertas sobre terreos de titularidade privada remítese ao mais sinxelo réxime de declaración responsable introducido no ordenamento xurídico pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (Sección II).

O Título Segundo da ordenanza regula outros xeitos de ocupación do dominio público, tales como as tradicionais caldeiras de pulpo ou os postos de venda desmontables.

Por último, o Título Terceiro regula o procedemento sancionador e de reposición da legalidade.

TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓN COMÚN

ARTIGO 1. OBXECTO DA ORDENANZA

1. O obxecto da presente ordenanza é regular certas formas de ocupación do dominio público municipal no termo municipal de Ni-grán, e, en particular, as condicións nas que se poderán emprazar terrazas vinculadas a establecementos hostaleiros sobre terreos de titularidade pública e privada.
2. A presente ordenanza non se aplicará aos actos de ocupación do dominio público de carácter hostaleiro que se realicen con motivo da celebración das festas patronais, feiras e festexos populares, que se rexerán polas súas normas específicas.

ARTIGO 2. DISCRECIONALIDADE E LIMITACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

1. As autorizacións reguladas nesta ordenanza concederanse de acordo coas necesidades cidadás e a previsión de usos que poda concorrer para cada zona concreta.
2. O outorgamento das autorizacións que impliquen ocupación do dominio público é discrecional en atención á harmonización dos usos e actividades que concorren e a outros intereses públicos.
3. As concesións para o uso privativo do dominio público son excepciónais e só se concederán nos casos nos que haxa un interese público no uso ou actividade que se pretenda desenvolver.

TÍTULO PRIMEIRO: AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DE TERRAZAS

CAPÍTULO I DEFINIÇÕES

ARTIGO 3. CONCEPTO DE TERRAZA

Aos efectos desta Ordenanza, entenderase por terrazas as instalacións emprazadas en terreos de dominio público ou privado, abertas ou cerradas, formadas por mesas, cadeiras, parasoles, toldos, paraventos, xardineiras ou outros elementos desmontables, nas que se desenvolva unha actividade accesoria a un establecemento principal de hostalaría tal como bar, café-bar, cafetería, restaurante ou similares. As terrazas clasificaranse como segue:

- 1º Terraza aberta: é aquela que se ubica en terreos de dominio público ou privado limítrofes ao baixo do inmovible onde está situado o establecemento do que resulta accesoria.
- 2º Terraza cerrada: é aquela que se atopa pechada en todo ou en parte do seu perímetro e/ou cuberta mediante elementos fixos desmontables, e se ubica en terreos de dominio público limítrofes ao baixo do inmovible onde está situado o establecemento do que resulta accesoria.

CAPÍTULO II B CONDICIÓN DAS TERRAZAS

ARTIGO 4. UBICACIÓN

As terrazas que se instalen no dominio público deberán permitir en todo caso un itinerario peatonal permanente cunha anchura mínima de 1,80 metros.

ARTIGO 5. MOBILIARIO

1. Prohíbese a publicidade nos elementos de mobiliario urbano instalados nas terrazas, agás o nome do establecemento ou o seu logotipo nos parasoles ou toldos.
2. Todo o mobiliario a ubicar nunha mesma terraza deberá ser da mesma calidade e deseño.

ARTIGO 6. TOLDOS, CUBERTAS E CERRAMENTOS

1. As terrazas abertas poderán cubrirse unicamente mediante toldos plegables. Neste tipo de terrazas permitirase a colocación de mamparas ou paraventos transparentes non ancorados.
2. As terrazas cerradas poderán cubrirse con elementos facilmente desmontables. Os cerramentos destas terrazas, ademais de ser tamén facilmente desmontables, deberán ter un deseño que favoreza a permeabilidade das vistas e a percepción da paisaxe, particularmente nas zonas costeiras.

- Os toldos ou cerramentos non superarán no seu punto mais alto a cota mais baixa da cara inferior do forxado que forme o teito do andar baixo da edificación en cuxo frente se ubique a terraza, nin os tres metros de altura.

ARTIGO 7. CONDICIÓNS ESTÉTICAS

- Os titulares das autorizacións de terraza teñen a obriga de manter estas e os elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, hixiene, seguridade e ornato, así como recompoñer o pavimento e os desperfectos ocasionados no mesmo.
- Os titulares das autorizacións de terraza deberán colocar as mesas e cadeiras e demais elementos dentro do perímetro autorizado.
- Prohíbese a colocación nas terrazas de frigoríficos, máquinas expendedoras de produtos, máquinas de xogos e similares.
- Prohíbese almacenar ou apilar produtos, caixas de bebidas, residuos e outros materiais nas terrazas ou nas súas inmediatecións.
- Prohíbese a instalación de mostradores e outros elementos para o servizo da terraza no exterior do establecemento.

ARTIGO 8. CONDICIÓNS ADICIONAIS

- As terrazas unicamente poderán realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento hostaleiro do que dependen.
- Non se permitirá en ningún caso a instalación ou uso de equipos audiovisuais nin a emisión de audio ou vídeo nas terrazas, excepto para os supostos de actuacións autorizadas polo órgano competente.
- Os titulares de autorizacións de terrazas abertas outorgadas sobre dominio público deberán introducir no interior do establecemento as mesas, cadeiras e outros elementos similares durante o horario de peche do establecemento, deixando o dominio público libre e expedito. Excepcionalmente, durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, as mesas e cadeiras poderán ser apiladas en zonas de dominio público próximas ao establecemento hostaleiro das que dependan, sempre e cando non impidan nin obstaculicen o paso polas beirarrúas.
- Non poderá obstaculizarse o acceso á calzada dende os portais das fincas e edificios nin dificultar a manobra de entrada ou saída nos vados.
- Os titulares das autorizacións coidarán do mantemento da orde nas terrazas, debendo solicitar a actuación da Policía Local en caso

de alteración da orde ou molestia para a veciñanza.

ARTIGO 9. HORARIOS DE FUNCIONAMENTO E LIMITACIÓN DE RUÍDOS

- Os titulares de autorizacións de terrazas poderán desenvolver a súa actividade nas mesmas, como máximo, coincidindo co horario oficial do establecemento hostaleiro das que dependan.
- Os horarios recollidos no apartado anterior poderán modificarse para a totalidade do municipio ou para áreas concretas do mesmo como consecuencia da zonificación acústica prevista na normativa de ruídos.
- Os titulares de autorización de terraza deberán en todo caso respectar os límites de ruído recollidos na normativa aplicable.

CAPÍTULO III B PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN DA AUTORIZACIÓN DE TERRAZA

SECCIÓN I B PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN DA AUTORIZACIÓN DE TERRAZA EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO

ARTIGO 10. AUTORIZACIÓNS

- A instalación de terrazas abertas ou cerradas no dominio público requirirá a previa obtención dunha autorización municipal, segundo os trámites previstos na presente ordenanza.
- A obtención da autorización de terraza cerrada levará consigo a da realización das obras que resulten pertinentes.

ARTIGO 11. SOLICITANTES

- Poderán solicitar a autorización de terraza os titulares de establecementos de hostalaría incluídos no epígrafe relativo a actividades de restauración do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, que contén coas correspondentes licenzas, e que desenvolvan a súa actividade nos locais lindeiros co dominio público que se pretenda ocupar.
- En casos debidamente xustificados poderanse outorgar autorizacións para a colocación da terraza nun dominio público próximo ao local no que se desenvolva a actividade.

ARTIGO 12. PRECARIIDADE E REVOGABILIDADE

- As autorizacións de terraza outorgaranse en función do cumprimento dos requisitos previstos na presente ordenanza, das características da vía ou terreo onde se pretende a instalación e das circunstancias obxectivas en cada caso concorrentes.

2. As autorizacións de terraza outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, entendéndose concedidas en precario.
3. O peticionario da autorización de terraza non ostenta un dereito preexistente á súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude nin o pagamento das taxas correspondentes autorizan ao interesado para instalar a terraza.
4. As autorizacións de terraza poderán ser deixadas sen efecto temporalmente ou directamente revogadas en calquera momento cando produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese xeral ou menoscaben o uso público, ou por calesquera outros motivos de interese público xustificados, sen que o seu titular teña dereito a indemnización.

ARTIGO 13. AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS

As autorizacións de terraza outorgaranse sen prexuízo da obtención polo interesado das autorizacións sectoriais que eventualmente poidan resultar esixibles en cada caso.

ARTIGO 14. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

1. Nas solicitudes de autorización de terraza aberta en dominio público detallarase o número e características dos seus elementos integrantes, e acompañarase a seguinte documentación:

Identificación da licenza municipal de actividade do establecemento para o que se solicita a terraza e, no seu caso, da resolución administrativa que admita o último cambio de titularidade de aquela.

Declaración responsable indicando non ter débedas coa facenda municipal.

Acreditación da subscrición dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra en contía abondo os riscos que poidan derivarse da actividade exercida na terraza.

Duración pola que se solicita a autorización.

Plano de situación sobre a cartografía oficial do planeamento urbanístico.

Plano de detalle a escala 1/200 no que se reflectan a superficie a ocupar, o largo da beirarrúa e os elementos existentes do mobiliario urbano, así como a disposición dos elementos da terraza.

Reportaxe fotográfica do emprazamento na que se aprecie o espazo público a ocupar e o seu entorno.

2. Ás solicitudes de autorización de terraza cerrada en dominio público acompañarase a seguinte documentación:

Identificación da licenza municipal de actividade do establecemento para o que se solicita a terraza e, no seu caso, da resolución administrativa que admita o cambio de titularidade de aquela.

Declaración responsable indicando non ter débedas coa facenda municipal.

Acreditación da subscrición dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra en contía abondo os riscos que poidan derivarse da actividade exercida na terraza.

Duración pola que se solicita a autorización.

Proxecto técnico da instalación que conteña as condicións estéticas e de deseño, as necesarias medidas de seguridade e a xustificación do seu carácter desmontable. O proxecto deberá incluír, ademais do anterior, o plano de situación sobre a cartografía oficial do planeamento urbanístico, plano de detalle a escala 1/200 no que se reflectan a superficie a ocupar, o largo da beirarrúa e os elementos existentes do mobiliario urbano, así como a disposición dos elementos da terraza, e reportaxe fotográfica do emprazamento na que se aprecie o espazo público a ocupar e o seu entorno.

ARTIGO 15. TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

A primeira instalación de terraza, ou as sucesivas nas que se produzan modificacións das condicións iniciais, desenvolverase conforme ao seguinte procedemento:

1. Iniciarase mediante solicitude realizada en modelo normalizado que conterá alomenos os datos necesarios esixidos pola lexislación reguladora do procedemento administrativo, á que se xuntará a documentación requirida nesta ordenanza.
2. Os servizos municipais examinarán a solicitude e a documentación aportada. De apreciarse carencias documentais, requirirase ao interesado para que no prazo de dez días subsane a falta ou achegue a documentación esixible, con indicación de que se non o fixer se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución, arquivándose a solicitude.
3. Unha vez completada a documentación informarase a solicitude, indicándose os requisitos ou as medidas correctoras que a instalación proxectada deberá cumprir no caso de resultar autorizabile.
4. De non ditarse resolución no prazo legalmente previsto, a solicitude entenderase denegada por silencio administrativo.

ARTIGO 16. CONTIDO DA AUTORIZACIÓN

A autorización de terraza indicará alomenos as dimensións do espazo sobre o que se autoriza a instalación da terraza, a súa situación, as características do mobiliario e, no seu caso, cerramentos desmontables a empregar, o horario de funcionamento, as limitacións de índole ambiental ás que quede condicionada, o aforo máximo da terraza e o seu período de funcionamento autorizado. Coa comunicación da autorización achegarase un plano de situación no que se grafie a superficie na que se autoriza a instalación da terraza, e que deberá exhibirse no establecemento.

ARTIGO 17. TITULARIDADE DAS AUTORIZACIÓNS

1. As autorizacións que se outorguen ao abeiro da presente ordenanza habilitan aos titulares dos establecementos de hostalaría para a instalación e explotación directa das terrazas, sen que poidan ser obxecto de arrendamento ou cesión a terceiros.
2. Sen prexuízo do anterior, a transmisión da licenza de actividade do establecemento principal conlevará a transmisión da autorización de terraza que estea vixente en cada momento.

ARTIGO 18. DURACIÓN

1. As autorizacións de terraza outorgaranse por un período mínimo dun mes no caso das abertas e de 4 meses no das cerradas.
2. A duración das autorizacións non excederá dun ano.

ARTIGO 19. RENOVACIÓN

1. Os interesados poderán solicitar a renovación das autorizacións de terraza con anterioridade ao vencemento do período de funcionamento autorizado sen necesidade de achegar a documentación indicada no artigo 14, sempre que non varíen as características da terraza. A duración das autorizacións renovadas axustarase ao previsto no artigo 18.
2. Os beneficiarios de autorizacións de terraza co período de funcionamento expirado poderán, durante o prazo dun ano a partir da dita expiración, solicitar novas autorizacións de terraza sen necesidade de achegar a documentación indicada no artigo 14, sempre e cando nunha declaración responsable se indique que as características da terraza son as mesmas que as autorizadas anteriormente e que se está ao corrente coa facenda municipal.

ARTIGO 20. ORDE DE RETIRADA

A instalación de terrazas ou o desenvolvemento de actividade nas mesmas sen a preceptiva autorización ou sen axustarse ás condicións impostas, dará lugar á inmediata orde de retirada. De non ser executada voluntariamente polo interesado, executarase subsidiariamente polo Concello a custa do obrigado, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer.

ARTIGO 21. CAUSAS DE EXTINCIÓN

Sen prexuízo do disposto nas demais normas de aplicación, as autorizacións de terrazas extinguiranse polas seguintes causas:

- a) Vencemento do prazo previsto.
- b) Revogación da autorización por causas xustificadas de interese público.
- c) Mutuo acordo
- d) Falta de pago dos tributos correspondentes á ocupación.
- e) Anulación ou revogación da licenza de actividade do establecemento de hostalaría do que depende a terraza.

SECCIÓN II B PROCEDEMENTO PARA A COLOCACIÓN DE TERRAZA EN TERREOS DE TITULARIDADE PRIVADA

ARTIGO 22. SOLICITANTES

Poderán solicitar a autorización de terraza aberta os titulares de establecementos de hostalaría incluídos no epígrafe relativo a actividades de restauración do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, que contén coas correspondentes licenzas, e que desenvolvan a súa actividade nos locais lindeiros co dominio privado que se pretenda ocupar.

ARTIGO 23. AUTORIZACIÓN DE TERRAZA EN TERREOS DE TITULARIDADE PRIVADA

1. A instalación de terrazas abertas en terreos de titularidade privada requirirá a previa presentación polo interesado dunha declaración responsable normalizada na que manifeste, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos no Capítulo II do Título I da presente ordenanza e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo no que mantéña a terraza.
2. A presente ordenanza non se aplicará ás terrazas cerradas que se pretendan instalar en terreos de titularidade privada, agás no relativo ás condicións contidas no Capítulo II do Título I da presente ordenanza.

ARTIGO 24. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

Á declaración responsable á que fai referencia o artigo 23 acompañarase a seguinte documentación:

- a) Identificación da licenza municipal de actividade do establecemento para o que se solicita a terraza e, no seu caso, da resolución administrativa que admita o cambio de titularidade de aquela.
- b) Autorización asinada polo propietario do terreo.
- c) Plano de situación sobre a cartografía oficial do planeamento urbanístico.
- d) Plano de detalle a escala 1/200 no que se reflectan a superficie a ocupar, así como a disposición dos elementos da terraza.
- e) Memoria xustificativa da proporción entre a ocupación proposta e as instalacións e servizos das que dispoña a actividade principal.
- f) Reportaxe fotográfica do emprazamento no que se aprecie o espazo a ocupar e o seu entorno.

ARTIGO 25 . TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

1. A presentación da declaración responsable e da documentación indicada no artigo 24 conlevará automaticamente a obtención da autorización de terraza, sen prexuízo do que resulte do exercicio das potestades administrativas de comprobación, control e inspección que se realice polo concello.

A inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento aportado, de carácter esencial, ou o incumprimento dos requisitos esixidos determinará a imposibilidade de continuar co funcionamento da terraza, sen prexuízo das responsabilidades nas que poda incorrer o solicitante.

2. A autorización antes indicada entenderase obtida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, así como da obtención polo interesado das autorizacións sectoriais que eventualmente poidan resultar esixibles en cada caso.
3. O titular da terraza deberá adaptarse aos eventuais condicionantes que, á vista dos informes municipais, se impoñan a través de resolución ditada polo órgano competente para conceder a autorización.
4. Resultará de aplicación ás autorizacións reguladas nesta sección o previsto nos artigos 17 e 20 da presente ordenanza.

ARTIGO 26. VIXENCIA DA AUTORIZACIÓN

1. A autorización de terraza ao aire libre en terreos de titularidade privada ten vixencia indefinida.

2. A revogación ou perda da licenza de actividade do establecemento principal conlevará a extinción da autorización de terraza.

TÍTULO SEGUNDO: OUTRAS OCUPACIÓNS DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL**ARTIGO 27. CALDEIRAS DE PULPO E POSTOS DE VENDA DESMONTABLES**

1. A instalación de caldeiras de pulpo e postos de venda desmontables de carácter provisional e ocasional no dominio público municipal requirirá a presentación da correspondente solicitude cunha antelación mínima de 5 días hábiles á data de inicio.
2. A autorización de ocupación outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
3. O indicado no apartado anterior enténdese deixando a salvo necesidade de obter calesquera outras autorizacións que resulten esixibles a cada concreta actividade, e de cumprir a normativa sectorial aplicable á mesma.
4. A ocupación deberá realizarse respectando as condicións do Capítulo II do Título I que puideran aplicarse en función da concreta actividade desenvolvida, e particularmente as condicións de seguridade, salubridade, limpeza e hixiene.
5. A ocupación autorizada non poderá exceder de tres días naturais consecutivos.
6. Os horarios de funcionamento serán os que estableza a autorización en función das circunstancias concorrentes, no marco da normativa reguladora da actividade que se desenvolva, e sen que poidan exceder dos previstos no artigo 9 da presente ordenanza.

ARTIGO 28. DELIMITACIÓN DE ESPAZOS PARA VENDA

O Concello poderá delimitar no dominio público espazos destinados á instalación de postos temporais de venda. A explotación destes espazos adxudicarase en réxime de publicidade e libre concorrencia de acordo coas condicións da convocatoria que se realice en cada caso.

ARTIGO 29. PUBLICIDADE E OUTROS OBXECTOS NO DOMINIO PÚBLICO

Con carácter xeral non se autoriza a colocación de elementos publicitarios, carteis informativos, elementos ornamentais ou calesquera outros obxectos de titularidade privada no dominio público, agás os comprendidos nas autorizacións reguladas na presente ordenanza.

**TÍTULO TERCEIRO: RÉXIME SANCIONADOR
E DA REPOSICIÓN DA LEGALIDADE**

CAPÍTULO I B RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 30. INSPECCIÓN

Corresponde aos axentes da Policía Local e aos inspectores municipais a inspección e control do cumprimento do disposto na presente Ordenanza.

ARTIGO 31. POTESTADE SANCIONADORA

As infraccións a esta Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedemento regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

ARTIGO 32. INFRACCIÓN S

Constitúen infraccións a esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o disposto nela, que se clasifican en leves, graves e moi graves.

ARTIGO 33. RESPONSABLES

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións ou elementos que ocupen o dominio público, ou os que desenvolvan a actividade infractora.

ARTIGO 34. INFRACCIÓN S LEVES

Considéranse infraccións leves:

- A colocación sen autorización de elementos publicitarios, carteis informativos, elementos ornamentais ou calesquera outros obxectos de titularidade privada no dominio público, cando non teña o carácter de grave ou moi grave.
- O incumprimento de calquera outra obriga prevista nesta ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave.

ARTIGO 35. INFRACCIÓN S GRAVES

Considéranse infraccións graves:

- A reiteración ou reincidencia en calquera infracción leve.
- A instalación de terrazas abertas sen cumprir os requisitos esixidos pola ordenanza.
- A causación de danos ao dominio público ou de calquera das súas instalacións e elementos, mobles ou inmobles, cando non teñan a consideración de moi graves.

- O desenvolvemento da actividade na terraza por quen non sexa titular da autorización.
- O incumprimento dos horarios sinalados na presente ordenanza.
- A realización nas terrazas de actividades non autorizadas con prexuízo para a seguridade ou tranquilidade públicas.

ARTIGO 36. INFRACCIÓN S MOI GRAVES

Considéranse infraccións moi graves:

- O impedimento do uso dun espazo público a persoas con dereito á súa utilización e, polo tanto, a instalación no dominio público de terrazas cerradas sen autorización ou fora do periodo autorizado.
- O deterioro grave e relevante dos espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, mobles ou inmobles.

ARTIGO 37. SANCIÓN S

1. As infraccións a esta Ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

As leves, con multa de ata 750 €

As graves, con multa de 751 € ata 1.500 €, que poderá acompañarse da suspensión temporal da autorización de terraza por un período non superior a un mes.

As moi graves, con multa de 1.501 € ata 3.000 €, que poderá acompañarse da suspensión temporal da autorización de terraza por un período non superior a tres meses, ou da revocación da mesma.

2. Para a modulación das sancións atenderase á existencia de intencionalidade ou reiteración, á natureza dos prexuízos causados, ao beneficio obtido, e á reincidencia pola comisión no termo de un ano de mais dunha infracción da mesma natureza, cando así se sinala por resolución firme.

ARTIGO 38. PRESCRICIÓN

1. As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.
2. As sancións impostas por infraccións leves prescriben ao ano, por infraccións graves aos dous anos e por infraccións moi graves aos tres anos.
3. O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse dende o día no que a infracción se cometese, e o das sancións dende o día seguinte a aquel no que adquirira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

ARTIGO 39. REINCIDENCIA

A comisión de tres infraccións graves determinará a revogación automática da autorización de terraza e a retirada inmediata dos seus elementos, así como a imposibilidade de obter autorización durante o prazo de dous anos a contar dende a data da resolución pola que se impoña a terceira sanción.

CAPÍTULO II B MEDIDAS DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE**ARTIGO 40. MEDIDAS DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE**

A imposición de sancións será compatible coa esixencia ao infractor da reposición do dominio público ao estado anterior á comisión da infracción, así como a indemnización polos danos e prexuízos causados.

ARTIGO 41. MEDIDAS CAUTELARES

Coa iniciación do expediente sancionador e con carácter cautelar, poderá acordarse a suspensión do funcionamento das terrazas non autorizadas e a retirada dos seus elementos, así como o cese de calquera outra actividade ou ocupación do dominio público sen autorización e a retirada dos elementos utilizados para a mesma.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os titulares de establecementos hostaleiros que veñan ocupando o dominio público municipal con terrazas deberán retiralas no prazo de dous meses a contar dende a entrada en vigor da presente Ordenanza, a non ser que obteñan a correspondente autorización, que deberá solicitarse dentro do mesmo prazo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As determinacións dos artigos 8 e 9 e concordantes da presente ordenanza tamén serán aplicables ás ocupacións que se desenvolvan sobre dominio público titularidade doutras administracións.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor de conformidade co establecido nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Nigrán, a 7 de xullo de 2010.—O Alcalde, Efrén Juanes Rodríguez. **2010007839**

* * *

REDONDELA**A N U N C I O**

Intentada a notificación a través do servizo de correos a DON SALUSTIANO TRABA LÓPEZ, para persoarse no expediente que se lle instrúe en relación coa baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes; e ao descoñecerse o seu actual para-doiro, realízaselle a presente notificación conforme prevé o art. 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como a Resolución do 1 de Abril de 1997 da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e do Director Xeral de Cooperación Territorial pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión e revisión do Padrón de Habitantes, para que no prazo de 15 días aleguen, por escrito, o que estimen máis conveniente na defensa dos seus intereses.

Redondela, 25 de xuño de 2010.—O Alcalde actual., Xosé Carlos Pazos Docampo. **2010007512**

* * *

SALVATERRA DE MIÑO**A N U N C I O**

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día vinte e oito de xuño de 2010, aprobou con carácter provisional o Expediente de Modificación de crédito nº 09/10: Suplemento de crédito financiado con baixas por anulación, por importe de cento oitenta e tres mil seiscientos noventa e oito euros con setenta e dous céntimos (183.698,72 euros).

De conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do R.D.L. 2/2004, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, artigos 20.1 e 38.2 do R.D. 500/90, de 20 de abril, o devandito expediente exponse ó público durante un prazo de quince días hábiles, contados a partires do seguinte á data de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante este prazo os interesados poderán examina-lo expediente e presentar reclamacións ante o Pleno, segundo establece o artigo 169 do citado R.D.L. 2/2004.

As modificacións de crédito consideraranse definitivamente aprobadas se no período de exposición ó público non se presentan reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolveras, que se contará a partires do día seguinte á finalización do prazo de exposición.

En Salvaterra de Miño, a 05 de xullo de 2010.—O Alcalde, Arturo Grandal Vaqueiro. **2010007631**